



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2011

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**; xustifican a súa ausencia os Sres. Ángel Fernández Castro e Manuel Reyes Hurtado.

1. Informe do reitor

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor abre o Consello de Goberno dando conta, en primeiro lugar, da convocatoria de fortalecemento das candidaturas do Campus de Excelencia Internacional, a que se presentará a UDC. Tamén se anuncia a culminación da nosa candidatura ao CEI, Campus T, a que se presentan as tres universidades galegas e distintas universidades do Norte de Portugal.

Destaca que onte se presentou aos medios de comunicación a Memoria de Responsabilidade Social Universitaria, impulsada desde o Consello Social, e aprobada xa no seu día polo Consello de Goberno.

A seguir, o reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa sobre o tratado nunha reunión do secretario xeral de Universidades cos vicerreitores de Investigación das tres universidades galegas, unha vez que as competencias de investigación nas universidades xa se transferiron da Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Industria á Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación (DOG de 24 de maio de 2011). O secretario xeral de Universidades informouna das previsións e do estado das distintas convocatorias do ano 2011, tendo en conta que se trata dunha situación de transición, tanto polo traspaso de competencias como pola entrada en vigor do Novo Plan Galego de Investigación (I2C).



As previsións, xa enviadas por correo electrónico a todo o PDI da UDC, foron:

- Sairán as prórrogas correspondentes aos programas de recursos humanos do anterior Plan (INCITE) (M.^a Barbeito, Parga Pondal, Isabel Barreto).
- Sairá proximamente unha nova convocatoria de contratos predoutorais, xa dentro do novo plan I2C.
- Sairá unha convocatoria de estadías, pero só dirixidas a contratados María Barbeito e Ángeles Alvariño.
- Non sairá ningunha convocatoria de contratos posdoutorais, nin de técnicos.
- Non sairá ningunha convocatoria de proxectos.
- Non sairá convocatoria de agrupacións estratéxicas.

Todo isto obrigounos a cambiar as nosas propias convocatorias de axudas e, nomeadamente, a de estadías, cuxo novo prazo remata o 26 de xullo. Para poder mantela como en anos anteriores necesitaranse axustes nos fondos dispoñibles de investigación.

En canto ás convocatorias de **grupos**, no DOG do 25 de abril de 2011 saíu unha convocatoria de renovación das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (os correspondentes en anos anteriores á Consellería de Educación). Non sairá convocatoria para novos grupos deste tipo. O prazo de xustificación das axudas que se concedan é o 15 de outubro.

Neste ano de transición sairá unha nova convocatoria de grupos, que a Secretaría Xeral de Universidades está a preparar. Trátase dunha convocatoria distinta á anterior da Dirección Xeral de I+D+i de anos anteriores. Polo tanto, en ningún caso serán de renovacións, todas as solicitudes serán de nova adxudicación.

A vicerreitora destacou tamén o éxito acadado pola UDC na resolución de convocatoria de axudas FEDER de agosto de 2010: concedéusenos unha axuda para equipamento de 5.166.000 € cun éxito do 90% respecto da cantidade solicitada.

En asuntos de biblioteca, tivo lugar unha reunión do Consello de Goberno de BUGALICIA o 26 de maio, en que se desbloqueou a sinatura dos convenios unilaterais das universidades con BUGALICIA, destinados a instrumentar o fluxo dos nosos fondos propios aos gastos do consorcio, se ben continúa pendente o convenio coa Xunta. Séguese estudando a priorización de



recursos, nomeadamente electrónicos, e queda pendente de saber cal vai ser a contía da redución anunciada pola Xunta para financiar BUGALICIA.

Na súa quenda de intervención, a Xerencia, en ausencia do Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa da imputación e validación dos expedientes aprobados pola Comisión Delegada de Asuntos Económicos de 28 de xuño de 2011 e que figuran de seguido:

Informe **V-0008-11** do Servizo de Intervención de data 16.06.2011 por un importe de **19.174,36 €**

Informe **V-0009-11** do Servizo de Intervención de data 27.06.2011 por un importe de **116.805,74 €**

VALIDACIÓNS DE EXPEDIENTES ANO 2011 POLA CAAEE DO DÍA 28.06.2011:

Informe **C-0004-11** do Servizo de Intervención de data 27.06.2011 por un importe de **147.193,38 €**

Tamén sinala que o 23 de xuño se constituíu a Comisión Negociadora do IV convenio colectivo do PAS laboral. Por último, está a rematar o proceso selectivo do persoal de conserxerías e prevese a súa toma de posesión a mediados do mes de xullo.

O vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa informa de que o día 15 de xuño na Coruña e o día 20 en Ferrol se presentou o informe anual do Observatorio Ocupacional, destacando que os nosos datos de inserción laboral seguen sendo positivos, xa que estamos 2,5 puntos por riba da media española. Tamén se entregou o 1.º Premio ao Espírito Emprendedor da UDC. Houbo 29 propostas, resultado gañadoras as propostas de Ánxela Isabel Blanco Lesta, e o proxecto de Brais Pérez Prol. O premio son 2.500 euros, destinados a apoiar o desenvolvemento de tales iniciativas. Tamén destaca que onte, día 29 de xuño, tivo lugar a primeira reunión co novo alcalde de Ferrol, en que aproveitou para falar das necesidades estratéxicas da UDC.

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións anuncia que con carácter inmediato se vai publicar a Normativa de xestión académica correspondente ao curso 2011-2012.

O vicerreitor de Profesorado indica que na nómina do mes de xuño, ademais da paga extra, se liquidaron os atrasos pendentes dos complementos autonómicos. Na nómina do mes de xullo aboaránselle ao PDI laboral os atrasos derivados da entrada en vigor do II Convenio colectivo do PDI laboral. O vicerreitor sinala que este mes rematou o prazo de vixencia dos



puntos variables do complemento de excelencia curricular, cuxa vixencia é de 5 anos. A nova convocatoria será no mes de setembro, aínda que é probable que non se resolva antes de fin de ano, se ben con efectos económicos desde o mes de xuño. Por último, sinala un erro material na documentación aprobada polo anterior Consello de Goberno: na modificación de dedicacións, José Joaquín Troya Calatayud debe quedar como asociado P3, e non como P6.

O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental informa sobre o estado das 90 obras vivas que se xestionan no seu departamento, cun orzamento de 6.800.000 €. Destaca os novos despachos de adaptación ao EEES en Ciencias da Educación e Dereito, Socioloxía, Economía e Empresa, Informática e Ciencias e as oficinas do CUFIE no Xoana Capdevielle, así como o equipamento do CITIC. A recepción das obras do CICA está pendente de que o contratista satisfaga os remates pendentes, informados pola dirección de obra. A ampliación do CITEC está suspendida unilateralmente por ALDESA. O parque tecnolóxico ten o seu proxecto redactado. A área científica está pendente de entregar o proxecto modificado. O concurso de mobiliario está xa preparado. Están xa en execución as obras licitadas do Campus Center e están iniciadas as obras da ETSA e da EUAT, relacionadas co cumprimento do código técnico da edificación. Tamén seguen a súa marcha as obras da Normal, o soto e a urbanización do CUR, a Aula Náutica e a EPS.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 31 de maio de 2011

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, toma a palabra Luis Barral, quen pide desculpas por unha afirmación súa no Consello anterior, sobre a reunión da Comisión de Usuarios do CITEC. A reunión non se celebrou antes, senón despois e pídelle desculpas ao profesor Casteleiro e ao resto dos membros do Consello de Goberno.

O profesor Manuel Casteleiro solicita que se retire a súa escusa de asistencia, porque puido acudir posteriormente ao Consello de Goberno. Tamén solicita a retirada do adverbio “*gratuitamente*” na súa intervención do punto 18.

Aprobada a inclusión das anteriores aclaracións, apróbase a acta por asentimento, que queda incorporada como **anexo III**.



3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (3), convenios específicos (13) e convenios para prácticas (35) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Calendario de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento

A vicerreitora de Investigación toma a palabra para expor a proposta de calendario e matrícula nos estudos de doutoramento.

O profesor Gil Manso pide unha aclaración sobre os prazos, que contesta a vicerreitora.

A profesora Rosa Meijide pregunta se os seus doutorandos de Ciencias da Saúde poden acceder directamente ao período de tese. A vicerreitora aclara que este punto deberá ser discutido a respecto dos novos programas que xurdan a partir do RD de 2011.

A proposta acéptase por asentimento do Consello de Goberno e figura como **anexo V** da presente acta.

5. Elección dun novo membro da Comisión de Usuarios do Servizo de Apoio á Investigación

A vicerreitora de Investigación expón que se trata de incorporar un novo membro á Comisión de Usuarios, conforme ao artigo 7 do Regulamento do SAI do ano 2005. Propón que sexa o profesor Andrés de Blas Varela, até cumprir o prazo de catro anos para o que foron escollidos os outros representantes.

Apróbase por asentimento.



6. Títulos propios de posgrao

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións propón a renovación de cinco títulos de mestrado, catro cursos de especialización e dous cursos de formación específica de posgrao, conforme figuran no **Anexo VI**.

Apróbase por asentimento.

7. Prazo e procedemento de solicitudes de novas propostas de mestrados universitarios que se van implantar no curso 2012-2013

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón o sentido da proposta deste punto, que aparece incorporada como **Anexo VII**.

Estamos á espera das novas directrices, aínda máis restritivas, da Consellería, que está traballando no novo Decreto de titulacións, mais cómpre ter un calendario para solicitudes de novos mestrados para implantar no curso 2012-2013, dado que nas reunións na Consellería se nos comentou que, posiblemente, a data límite de envío sexa o 15 de novembro. A vicerreitora sinala dúas datas importantes: antes do 29 de xullo deberá enviarse unha declaración de intencións, co título que se pretenda implantar e a súa xustificación. A remisión da memoria completa de viabilidade a VOAT deberá producirse antes do 6 de outubro.

O profesor Casteleiro pregunta sobre os mestrados que habilitan para profesións reguladas, e di que sería conveniente que os estudantes de grao puidesen coñecer coa maior antelación posible os mestrados que van poder cursar en anos sucesivos, para así deseñar os seus propios itinerarios formativos. Igualmente, pregunta sobre os trámites que hai que realizar para facer pequenos cambios. A vicerreitora respóndelle que é importante que se fagan as propostas destes mestrados tanto para informar o estudantado da UDC como para presentar as propostas ante o SUG, e aclara tamén que as modificacións deben tramitarse a través do Programa Verifica nun apartado específico para isto. As modificacións teñen un prazo menor de verificación (tres meses), pero os trámites son os mesmos.

O profesor Casabella opina que a ACSUG debería tamén cumprir os seus prazos con maior dilixencia. Ao seu xuízo prodúcese indefensión da Universidade, porque tardan moito na verificación e esixen cousas que a normativa orixinaria non pedía, co cal é practicamente imposible xestionar as propostas de mestrados.



O profesor Primitivo González pregunta sobre o proceso de adaptación das enxeñarías técnicas aos graos e mestrados profesionalizantes. A vicerreitora di que está pendente unha reunión da comisión mixta. Nas memorias dos títulos de grao deben prever unha táboa de equivalencias para adaptar os requisitos de acceso ás novas titulacións, coas formacións adicionais que en cada caso se requiran. En principio, se é posible, vaise tentar que se implanten os complementos de formación para que os antigos titulados poidan ser graduados no vindeiro curso. Logo accederán ao mestrado que se pretende implantar para o curso 2012-2013.

O profesor Muñoz Cantero pregunta sobre a modificación do acceso aos programas de doutoramento en vigor. Non hai aplicación informática, dixo a ACSUG e, por tanto, non hai solución, porque non se admiten doutoramentos non adaptados ao novo Real decreto de 2011.

Tras o anterior debate, a proposta é aprobada por asentimento do Consello de Goberno.

8. Prazo de presentación de propostas de doutoramento segundo o Real decreto 99/2011, para a súa implantación no curso 2012-2013

A vicerreitora de Investigación expón cal é a situación xurídica dos doutoramentos con alumnos: os de 1985 (suficiencia investigadora), de 1998 (DEA) e os do ano 2005. Trátase de doutoramentos extinguidos. Os doutoramentos do RD 1393/2007 son os que estaban en vigor até a publicación do RD 99/2011, que establece na disposición transitoria segunda que deberán adaptarse ao disposto neste novo Real decreto con anterioridade ao inicio do curso académico 2013-2014, aínda que o poden facer antes, no curso 2012-2013. En todo caso, tales programas deben quedar completamente extinguidos con anterioridade ao 30 de setembro de 2017. Ademais, a partir do curso 2011-2012 os doutoramentos de nova implantación deberán adecuarse ao RD 99/2011.

Os alumnos matriculados en programas de doutoramento de calquera das anteriores ordenacións universitarias teñen cinco anos desde a entrada en vigor do RD 99/2011 para presentar a tese de doutoramento (11 de febreiro de 2016), tal e como establece a disposición transitoria primeira deste RD.

Pedíuselle á Xunta de Galicia que fose implementando á maior brevidade posible a normativa autonómica de tramitación dos novos programas e de creación de escolas de doutoramento. Hai xa un borrador publicado na web a respecto de novos títulos, que inclúe doutoramento. A Xunta indica que



temos que lle remitir antes do 15 de novembro de 2011 as nosas propostas de programas de doutoramento para implantalas no curso 2012-2013. A vicerreitora indica que, debido aos cambios normativos que se están a producir, temos que modificar o noso regulamento de estudos de doutoramento, que xa se está facendo, pero aínda non está suficientemente *maduro* para sometelo a aprobación.

A prioridade, neste momento, é a fixación de prazos e procedementos (que se recollen no documento Anexo). Destaca a data do 29 de xullo para recibir as propostas de transformación de programas de doutoramento xa existentes para o curso 2012-2013, se ben fai fincapé en que non é obrigatoria a transformación nese curso.

Unha vez coñecidas as propostas de transformación fixarase o resto de prazos e procedementos que permitan acadar a finalización do proceso na data límite do 15 de novembro.

A vicerreitora engade que estamos traballando para facer un regulamento de Escola de Doutoramento da UDC, aínda que ese traballo se fai conxuntamente coas outras dúas universidades do SUG, e na Xunta carecen de momento de normativa sobre este punto.

O profesor Casteleiro non recomenda ser pioneiro neste asunto: a inseguridade da normativa de doutoramento é moi grande, pola motorización lexislativa a que está sometida a normativa estatal de doutoramento. A vicerreitora coincide con esta opinión. A ela súmase o profesor Fernández Cervantes.

A profesora Rosa Meijide pregunta que fai como coordinadora do programa de Medicina. A vicerreitora contesta que é un dos casos que pode estar máis afectado pola nova normativa.

A profesora Teresa López, ademais de estar de acordo con todas as opinións, pide corrixir no documento presentado que se propoñan os programas polas “Comisións Académicas” dos mestrados oficiais, e non polas “Coordinacións Académicas”.

O profesor Casabella pregunta como quedará o doutoramento europeo. A vicerreitora di que a partir de febreiro de 2012 os doutoramentos pasan a ter mención “internacional”, non “mención europea”, sen cambiar o programa de doutoramento correspondente. Pregunta tamén o profesor Casabella sobre as noticias da posibilidade de que participen axentes externos. A vicerreitora



aclara que poden participar, pero non desde logo organizar nin conceder doutoramentos. Pregunta, por último, sobre graos interuniversitarios, esta posibilidade, segundo aclara VOAT, está prevista na normativa que tramita a Xunta.

O profesor Pedro Gil pregunta se se poden incorporar novos alumnos aos programas redactados conforme ao Real decreto de 2007. A vicerreitora opina que si, que sería posible, pero só para os do Real decreto de 2007, pois para os outros non tería sentido, ao seren programas en extinción, pechados, para os que non cabe a transformación.

Amelia Fraga pide aclaración sobre o prazo máximo para ler as teses xa en marcha. A vicerreitora aclara que son cinco anos desde a entrada en vigor do Real decreto de 2011 e que o prazo finaliza, por tanto, o 11 de febreiro de 2016.

A vicerreitora remata indicando que dous programas de doutoramento (provenientes das facultades de Humanidades e Socioloxía) foron tramitados conforme ao Real decreto de 1393/2007, e acabaron pillados nunha sorte de limbo: a Xunta admitiunos, e foron remitidos a Madrid para verificación, mais ao saír o Real decreto de 2011, Madrid xa non admite a súa tramitación. A vicerreitora insistiu en que se valorase a súa transformación á actual normativa en igualdade de condicións que os xa verificados.

Tras o debate anterior, apróbase a proposta por unanimidade do Consello de Goberno segundo figura no **anexo VIII**.

9. Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos adaptada ao Real decreto 861/2010, do 2 de xullo

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións toma a palabra para explicar que a normativa interna de recoñecemento de créditos para os efectos do EEES veu funcionando desde maio de 2008, con fundamento no RD 1393/2007. Ao ser modificado este Real decreto en varios puntos por outro posterior, o Real decreto 861/2010, cómpre adaptar a nosa normativa a esa modificación, incorporando eses supostos aos artigos 1 e 2 desta: recoñecemento por experiencia profesional ou laboral, por títulos propios (máximo 15%), coa correspondente modificación das memorias de titulación, que haberá que verificar. Aclara que non se poden recoñecer en ningún suposto os traballos de fin de grao e de fin de mestrado.



O profesor Casabella indica que teñen peticións de recoñecer títulos propios para os efectos de mestrados oficiais, ben como peticións de homologación de títulos de grao en Arquitectura. A vicerreitora infórmao de que non se poden recoñecer títulos propios até modificar a memoria e tampouco a universidade homologa títulos de grao, non haberá graduados en arquitectura ata que os actuais alumnos de primeiro rematen os seus estudos.

O profesor Pedro Nogueira considera que a normativa afecta moito aos centros, polo que botou en falta un pouco máis de tempo para analizar a proposta. Pregunta sobre o recoñecemento de créditos por cursos, xornadas de extensión universitaria: haberá un substitutivo dos vellos créditos de libre elección?

A vicerreitora subliña que non hai cambios na normativa, senón que a proposta se limita a incluír literalmente o que di o novo Real decreto de 2010, e que na nova ordenación das ensinanzas non existe a posibilidade de recoñecemento de créditos de libre elección.

A proposta é aprobada por asentimento, segundo figura no anexo IX

10. Prazas de profesorado

O vicerreitor explica o contido do primeiro cadro con 9 prazas de PDI contratado, que figuran no **anexo X** e que responden ás necesidades dos novos POD, e ás acreditacións correspondentes. Todas obedecen a necesidades estruturais, agás as dúas prazas de contratado interino de substitución, e supoñen a amortización de prazas non estruturais.

Tamén se propoñen dúas prazas temporais, que figuran no **anexo XI**, para docencia en mestrados.

Apróbanse por asentimento.

11. Prazas de profesorado da disposición transitoria 3.^a dos Estatutos da UDC

O vicerreitor expón que se trata de dúas prazas de contratado doutor, para cumprir co compromiso de estabilización dos asociados contratados a tempo completo antes da LOU, este prazo remata en abril de 2012. Só quedan 12 persoas nesa situación, sen tese, e hai dúas que xa teñen a acreditación, co cal esta bolsa de persoal pasará a ser de 10 persoas.



Apróbanse as prazas propostas que figuran como **anexo XII**.

12. Cambios de dedicación para o curso académico 2011-2012

Son sete solicitudes de diminución de dedicación para axustarse ás situacións que se producen ao comezo do curso académico e que figuran no **anexo XIII**.

O vicerreitor tamén expón, respecto dun tema proposto no CG anterior, que – tras as pertinentes consultas á Asesoría Xurídica e á mesa sindical– que se poden aumentar e diminuír as dedicacións cando as aproba o Consello de Goberno. Non hai dereito a pasar a tempo completo. A mesa sindical estableceu que os aumentos e as dedicacións se supeditan aos solapamentos dos plans de estudo, e a ofrecer a posibilidade equitativamente ao profesorado do departamento.

Apróbanse por asentimento do Consello de Goberno.

13. Licenzas

Apróbase a licenza de Ángel Viña Castiñeiras conforme figura no **anexo XIV**.

14. Programa de promoción do PDI acreditado

Trátase de abrir o prazo para solicitar as promocións de PDI acreditado, como consecuencia do programa de promoción do PDI acreditado (máximo dúas promocións por ámbito para cátedras, e para TU, que é practicamente automático unha vez acadada a acreditación).

15. Votación para a elección de representantes dos estudantes do Consello de Goberno no Consello Social

Neste punto, o secretario dá conta da retirada de todas as candidaturas presentadas no Consello de Goberno do 31 de maio de 2011, tanto ao Consello Social como ao Consello de Estudantes universitario do Estado, polo que decaen os puntos de votación. Acórdase abrir un novo procedemento de elección para o vindeiro consello de Goberno.

16. Votación para a elección dos representantes dos estudantes no Consello de Estudantes Universitario do Estado

17. Aprobación, se proceder, do novo Regulamento electoral xeral



O secretario expón que se trata dunha proposta destinada a mellorar a calidade e a sistemática normativa do Regulamento electoral xeral, apostando pola simplificación administrativa. Tamén se introducen as cláusulas precisas para habilitar o desenvolvemento de procesos electorais de xeito telemático ou electrónico.

A proposta foi discutida na Comisión Electoral Central do 27 de xuño, quedando pendente dunha nova reunión para discutir asuntos pendentes.

Para facilitar a máxima participación da comunidade universitaria, o secretario propón adiar o punto a un vindeiro Consello de Goberno, e abrir un prazo de quince días para que os membros do Consello de Goberno poidan presentar alegacións, que serán dirixidas á Secretaría Xeral para o seu trámite.

18. Cambio de denominación da Facultade de Humanidades (nova proposta: Facultade de Humanidades e Documentación)

O secretario xeral expón o expediente, iniciado mediante un escrito da Área de Biblioteconomía e Documentación, co que se trata de aumentar a visibilidade dos estudos de Biblioteconomía e Documentación, por ser titulacións únicas do SUG.

Apróbase por asentimento conforme figura como **anexo XV**.

19. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Economía e Empresa

O reitor cédelle a palabra ao secretario, quen inicia a exposición do punto, e cede a palabra ao decano da Facultade, que engade que non é unha modificación, senón un novo regulamento destinado a unha facultade nova, resultado da fusión dos dous centros. A proposta foi aprobada pola maioría da facultade, e informada favorablemente pola Asesoría Xurídica, con tres cambios puntuais na redacción.

O representante do PAS Xosé Portela formula as súas dúbidas sobre un dos temas modificados como consecuencia do informe da Asesoría Xurídica, o criterio do cómputo de maioría absoluta (art. 21.3), e acórdase por asentimento aprobar o regulamento, condicionado a incorporar a este artigo 21.3 o criterio previsto no Regulamento electoral xeral para as eleccións a decanatos.



Logo de introducir esta modificación, incorpórase a esta acta como **anexo XVI**.

20. Quenda aberta de intervencións

Na quenda de intervencións, Xosé Portela opina que no seu informe, o reitor debería ter dado conta da retirada da licitación da residencia universitaria pola Xunta. Insiste en que se lle transmita á Xunta o noso descontentamento, e pide que, ao comezo do vindeiro curso, a UDC faga un peche institucional durante un día, para facer público o noso rexeitamento da medida. O reitor explica os avatares sufridos a este respecto polo noso proxecto de residencia universitaria, e as posturas e propostas da UDC.

Jorge Quintás, representante dos Comités, súmase á proposta de Xosé Portela.

O vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental apunta a este respecto que lle acababa de chegar un correo electrónico en que os arquitectos adxudicatarios do proxecto de residencia lle comunicaban a notificación da desistencia do contrato por parte da Xunta de Galicia.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:15 h. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral
Carlos Amoedo Souto

O presidente
José María Barja Pérez